

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de decembro de 2022**
Ás 17.30 horas do día 14 de decembro de 2022, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez do Grupo Popular (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 16 de novembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE PUBLICACIÓNS FEITAS DENTRO DO PLAN DE PUBLICACIÓNS DO EXERCICIO 2022.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

Fixar o prezo das seguintes publicacións que están dentro do Plan de Publicacións do ano 2022, e que serán editadas desde a sección de Arquivo e Publicacións:

1. **CID GALANTE, R.M.:** *Mercedes e Rosa Do Campo De la Fuente. Mestras e comprometidas co galeguismo.*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 12166F

-Custo total da publicación (400 exemplares): 6.153,84 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 15,38 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 17,38 € + IVA

PVP final proposto= **17 €+ IVA**

2. **RAMOS FERNÁNDEZ, F.:** *La huella en Ourense del Zamora 8. El histórico regimiento de infantería y su impronta en Galicia.*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 12167P

-Custo total da publicación (400 exemplares): 8.500,00 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 21,25 € + 4 % IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 23,25 € + 4 % IVA

PVP final proposto= **23 €+ 4 % IVA**

3. DIÉGUEZ DELGADO, A.: *La casa de Monterrey en el siglo XVII.*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 13283C

-Custo total da publicación (400 exemplares): 6.634,61 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 17,25 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 19,25 € + IVA

PVP final proposto= **19 €+ IVA**

4. GALLEGO ESPERANZA, M. [ET AL.]: *Los Rodríguez. Una saga en la ebanistería ourensana.*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 13891F

-Custo total da publicación (400 exemplares): 6.670,00€ + IVA

-Custo estimado por exemplar: 16,67 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 18,67 € + IVA

PVP final proposto= **19 €+ IVA**

5. XIX PREMIO PURA Y DORA VÁZQUEZ

CASTRO VELOSO, F.: *Xoán, Xoana*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 13167L

-Custo total da publicación (600 exemplares): 3.173,07 + IVA

-Custo estimado por exemplar: 5,28 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 7,28 € + IVA

PVP final proposto= **7 €+ IVA**

6. PORTELA VÁZQUEZ, A. e PRADO LAMEIRO, X.: *As obras inéditas de Prado Lameiro*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 12700N

-Custo total da publicación (400 exemplares): 5.568,00 €+ IVA

-Custo estimado por exemplar: 13,92 € +IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 15,92 € + IVA

PVP final proposto= **16 €+ IVA**

7. MÍGUEZ GONZÁLEZ, C: *Celanova medieval: un recorrido por la historia y el arte del monasterio de San Salvador de Celanova desde el siglo X hasta el XVI*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 14098F

-Custo total da publicación (400 exemplares): 9.134,62 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 22,83+ IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 24,83 € + IVA

PVP final proposto= **25 €+ IVA**

8. SALGADO SÁNCHEZ, R.A.: *Ourense no tempo. Imágenes con historia, historia con imágenes.*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 14075F

-Custo total da publicación (400 exemplares): 9.100,00 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 22,75 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 24,75 € + IVA

PVP final proposto= **25 €+ IVA**

9. LIMIA GARDÓN, F. X.: *Oseira. El esplendoroso renacer de su abadía en la Edad Moderna*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 14079B

-Custo total da publicación (400 exemplares): 6.250,00 € +IVA

-Custo estimado por exemplar: 15,62 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 17,62 € + IVA

PVP final proposto= **18 €+ IVA**

10. CABO VILLAYERDE, MIGUEL: *«Ese vento que vai sóbor da terra». A vida desmedida de Basilio Álvarez*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 14372M

-Custo total da publicación (400 exemplares): 9.480,77 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 23,70 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 25,70 € + IVA

PVP final proposto= **25 €+ IVA**

11. FERNÁNDEZ FERREIRO, X: *Riberiana do Sil e A Noite*

Edición de obra contratada en EXPTE.: 2022/ 14368R

-Custo total da publicación (400 exemplares): 6.610,00 € + IVA

-Custo estimado por exemplar: 16,52 € + IVA

-Custo estimado por gastos de envío por exemplar= 2 € IVA incluído

-Custo total aproximado por exemplar = 18,52 € + IVA

PVP final proposto= **18 €+ IVA**

3º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2022.-

A Sra. interventora expón o contido da proposta así como da emenda de adición presentada.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que lle gustaría coñecer o motivo polo que algunha factura se demorou tanto na súa tramitación, xa que son do exercicio de 2021 e en todo caso entende que en determinados supostos a responsabilidade non é só imputable á administración.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que debe existir algún erro na documentación remitida, xa que non se atopan todas as facturas obxecto do expediente. Sen prexuízo do anterior, solicitan tamén que se aclare a razón da tramitación irregular destas facturas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, indica que como ben deben saber todos os deputados e deputadas que teñen responsabilidades de goberno, este tipo de expedientes obedecen á complexidade, en moitos casos, da tramitación administrativa e noutros casos á que os propios provedores non presentan as facturas no seu momento.

O Sr. secretario indica que no día de mañá se remitirá a documentación que precisen os deputados se non está no expediente remitido coa convocatoria.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 2022/14613Q e autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2022, nas partidas orzamentarias correspondente, das seguintes facturas:

Núm. Factura	Data da factura	Provedor	Obxecto	Importe
--------------	-----------------	----------	---------	---------

12021009753	20.12.2021	PARADELO SA (NIF:A32104515)	Sillas varias	2.022,50 €
12021009922	28.12.2021	PINTEGA ENXEÑERÍA SL (NIF:B-32342198)	Revisións APP	2.090,88 €
12022000254	20.01.2022	EDITORIAL GALAXIA SA (NIF:A-36603314)	Anuncio na revista “Grial 232”	1.995,00 €
12022000111	05.01.2022	CONMAR CULTURA SL (NIF:B-32405755)	Subministración de 100 exemplares do libro “Verín de Verín” de Xosé Carlos Caneiro	2.000,00 €
12021009858	13.10.2021	DRONVAL SLU (NIF: B27836568)	Gravación e elaboración de video promocional Ribeira Sacra	3.999,00 €
12021009837	18.10.2021	GRUPO CUEVAS NOGUEIRA TRAIL (NIF: G-32463622)	Patrocinio Trail Ribeira Sacra 2021	2.999,59 €
12021009833	25.11.2021	CALDARIA TERMAL SLU (NIF: B-32191348)	Torneo triangular balonmán	14.755,00 €
12021009834	25.11.2021	CALDARIA TERMAL SLU (NIF: B-32191348)	Torneo fútbol sala feminino	8.939,00 €

Núm. Factura	Data da factura	Provedor	Obxecto	Importe
12022001618	17.03.2022	BARRERAS DE SEGURIDAD SL	Certificación núm. 1 e final. Proxecto de sinalización turística. Concello de Paderne de Allariz. Ref. 17/16/2020.	45.120,00 €

12022000280	21.01.2022	EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS SA	Certificación núm. 3. Reforzo de firme con mistura asfáltica na OU- 0460, travesía O Carballiño. Pk 0000 a 0598. Concello do Carballiño. Ref. 118/POS/2020.	5.219,63 €
12022000260	20.01.2022	CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS SL	Certificación núm. 1. Acondicionamento interior do centro social de Alén. Concello de Beariz. Ref. 11/POS/2020.	11.999,99 €
12022000249	19.01.2022	EXPLOTACIÓN MEDIOAMBIENTAIS SLU	Certificación núm. 7. Pavimentación de rúas en Rubiá. Concello de Rubiá. Ref. 26/16/2020.	5.260,70 €
12021010444	31.12.2021	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	Certificación núm. 1. Estrada Gomariz-Tixós. Concello de Baltar. Ref. 41/16/2020.	91.345,43 €
12021010440	29.12.2021	ROSA KARINA MARRA GIL	Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. Obra: mellora da área recreativa da Ponte. Concello de Pontedevea. Ref. 67/POS/2020.	2.000,00 €
12021010027	30.12.2021	ALFESAN SL	Certificación núm. 1. Mellora da área recreativa da Ponte. Concello de Pontedevea. Ref. 67/POS/2020.	48.000,00 €
12021007055	20.09.2021	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	Certificación núm. 1. Renovación de infraestruturas e reposición do pavimento na R/Pireira. Concello da Rúa. Ref. 45/16/2019.	31.630,95 €

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DITADOS DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Pereiro de Aguiar a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 15 de novembro de 2022, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Pereiro de Aguiar, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas de

padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.